



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 28 DE FEBREIRO DO 2022.**

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o vinte e oito de febreiro do dous mil vinte e dous, reúnen-se os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas e cinco minutos.

**Preside o Sr. Alcalde:** D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

**Asisten:**

**Sres/as. Concelleiros/as:**

**Grupo municipal Socialista:** Dna. Gloria M<sup>a</sup> Prada Rodríguez, D. Iban Torres Rodríguez, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M<sup>a</sup> Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, Dna Regina López Arias, D. Guillermo Díaz Aira, Dna. Margarita López Rodríguez e D. Miguel Tomé López.

**Grupo Municipal do Partido Popular:** Dna. Katherinie Varela Fernández, D. Roberto Eireos Saez , D. Victor Manuel Rodríguez López, D. Manuel Rodríguez Martínez.

**Grupo Mixto:**

**Bloque Nacionalista Galego:** D. Emilio José Sánchez Iglesias

**Esperta Monforte:** D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

**Secretario:** D. José Antonio Mourelle Cillero.

**Interventora accidental:** D<sup>a</sup> María Inmaculada Buján Arias.

Non asiste a Concelleira D<sup>a</sup> Pilar Espinosa Novelle.

**1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN DE 31 DE XANEIRO DO 2022.**

Sométese a votación a acta do pleno de 31 de xaneiro do 2022, aprobándose por unanimidade dos membros presentes.

**2º.-DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se da conta: do 26.01.2022 a 22.02.2022.**

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, da conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 26.01.2022 e o 22.02.2022.

**PARTE RESOLUTIVA**



**3º.-APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO SISTEMA DE ACTUACION DA ZONA D.**

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal Socialista e tres abstencións da concelleira e do concelleiro do grupo municipal do PP e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (BNG) Grupo Mixto e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta de alcaldía :

*“En relación co sistema de actuación da zona D das Normas Subsidiarias Municipais de Planeamento, con base:*

*1º.- Informe emitido por Monsa Urbanismo SL, con data 18.11.2021, que sinala:*

*“1. La Zona “D” fue incorporado al planeamiento general de Monforte de Lemos a través de una Modificación Puntual de las NSP que tuvo aprobación definitiva en fecha 12-04-00. Fue publicada en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo a 26-04-00.*

*2. Dicha modificación definió un perímetro de Suelo Urbano No Consolidado de 3.274 m2 para uso característico residencial, en vivienda colectiva. La ordenación deberá proporcionar, unha vez ejecutada, 541 m2 de Zonas Verdes y Espacios Libres, y 1.524 m2 de viales.*

*3. La Modificación Puntual señaló, como sistema de actuación para la ejecución de la zona “D” el de Compensación. Este sistema requiere para iniciarse, que propietarios de suelo tomen la iniciativa y promuevan la transformación urbanística del ámbito.*

*4. A fecha de hoy, más de 20 años y medio tras las aprobación inicial, no se ha producido dicha iniciativa, así que el planeamiento en vigor de Monforte de Lemos, en el ámbito de la Zona “D”, permanece inejecutado.*

*5. A la vista de ello, si el Concello pretende que la ordenación de dicho ámbito se ejecute, deberá comenzar por cambiar el sistema de actuación, sustituyendo el de Compensación – sujeto, como se ha expuesto, a la iniciativa de propietarios de suelo-, por el de Cooperación. Bajo este sistema, la iniciativa para la ejecución del planeamiento la tendrá el Concello, aunque las cargas y los beneficios del mismo seguirán perteneciendo a los propietarios de suelo.*

*6. El Reglamento de la Ley 2/2016, del Suelo de Galicia otorga, en sus artículos 284 y 285, a la Administración la facultad de cambiar el sistema de actuación establecido para un ámbito de desarrollo urbanístico. Únicamente impone, para ello y en su art. 299.3 , la condición de que hayan transcurrido 3 meses desde la aprobación definitiva del planeamiento que constituyó dicho ámbito. El cambio de sistema de actuación seguirá un trámite específico, diferente del de modificación del planeamiento. En el caso que motiva este informe – la zona “D”- resulta evidente que se cumple dicho requisito temporal. El Concello de Monforte se encuentra, pues, habilitado legalmente para realizar el cambio de sistema de actuación de la zona “D”, del actual de Compensación, al de Cooperación.*

*Pleno da Corporación 28.02.2022*



## SECRETARIA

*7. Una vez en vigor el nuevo sistema de actuación, el Concello podrá proceder a ejecutar la ordenación en su ámbito”.*

*2º.- Informe do Secretario Xeral con data 18.11.2021 que sinala:*

*En relación coa Providencia da alcaldía relativa a emisión de informes sobre o sistema de actuación existente, na actualidade, na zona D das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal, procede informar:*

*O artículo 111 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, establece que:*

*“Artículo 111. Clases de sistemas de actuación.*

*1. Los polígonos se desarrollarán por el sistema de actuación que el planeamiento determine en cada caso.*

*2. Los sistemas de actuación son los siguientes:*

*a) Sistemas de actuación directos:*

*1.º Cooperación.*

*2.º Expropiación.*

*b) Sistemas de actuación indirectos:”*

*3º. En relación a un posible cambio no sistema de actuación na zona D das Normas Subsidiarias de Planeamento, o artículo 112 do citado corpo legal establece que:*

*“Elección del sistema de actuación.*

*1. El municipio elegirá el sistema de actuación aplicable teniendo en cuenta las características y complejidades de la iniciativa a desarrollar, los medios con los que cuente, la colaboración de la iniciativa privada y demás circunstancias que concurran.*

*2. La determinación del sistema de actuación habrá de incluirse obligatoriamente en el plan general.*

*La modificación del sistema de actuación podrá ser aprobada por el municipio, de oficio o a instancia de los particulares interesados, previa información pública por plazo de un mes mediante anuncio que se publicará en el Boletín Oficial de la provincia y con notificación individualizada a los propietarios afectados.*

*En cualquier caso, el sistema de actuación podrá ser modificado en los instrumentos de planeamiento que contengan la ordenación detallada del suelo urbano no consolidado y del suelo urbanizable”.*



## SECRETARIA

4º.- O artigo 285 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia establece que:

*“Procedimiento de modificación del sistema de actuación ajeno al planeamiento.*

**1.** *Además de las facultades atribuidas a los instrumentos de planeamiento que contengan la ordenación detallada para modificar el sistema de actuación, dicha modificación podrá también producirse de oficio o a instancia de los particulares interesados según lo dispuesto en el presente artículo.*

**2.** *La solicitud del cambio de sistema de actuación directo a indirecto deberá estar formulada:*

**a)** *Si se pretende un sistema de concierto, por el promotor del sistema previa acreditación de la titularidad de la totalidad de la superficie del polígono y de los sistemas generales afectos.*

**b)** *Si se pretende un sistema de compensación, por los propietarios que reúnan y acrediten cuando menos la titularidad del 50 % de la superficie del polígono y de los sistemas generales afectos.*

*El cambio de sistema de actuación indirecto a directo se aplicará en los supuestos indicados en este reglamento y cuando se incumplan los plazos para el cumplimiento de deberes urbanísticos. El cambio de sistema no se materializará si los afectados ofrecen en el período de información pública garantías bastantes de los deberes y trámites de urbanización pendientes y las formalizan conjuntamente en el plazo y términos que acuerde el ayuntamiento.*

**3.** *El órgano municipal competente procederá a la aprobación inicial del cambio de sistema de actuación y someterá el expediente a información pública por el plazo de un mes mediante anuncio que se publicará en el Boletín Oficial de la provincia y notificación individualizada a los propietarios afectados.*

**4.** *Finalizado el trámite de información pública, el ayuntamiento aprobará definitivamente la modificación del sistema de actuación.”*

*Por todo o anteriormente exposto, informo FAVORABLEMENTE o cambio de sistema de actuación proposto pola Alcaldía, referido a zona D das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal aprobadas con data 12.04.00.*

3º.- Con data 29 de novembro do 2021 o Pleno da Corporación prestou aprobación inicial ao cambio de sistema de actuación da zona D das Normas Subsidiarias de Planeamento.

4º.- Con data 10.12.2021 BOP núm. 282 publicouse anuncio da aprobación inicial para presentar reclamacións ou suxestións durante un prazo dun mes, sen que se presentasen ningunha reclamación rematado o citado prazo.



## SECRETARIA

*5º.- Con base no anteriormente exposto, de conformidade co establecido no artigo 111 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, e o artigo 285 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, PROPOÑO que o Pleno do Concello de Monforte de Lemos, adopte os seguintes acordos:*

*PRIMEIRO.- Aprobar, definitivamente, o cambio do sistema de actuación da zona D das Normas Subsidiarias Municipais de Planeamento que, na actualidade, é o sistema de compensación e que será, unha vez finalizada a tramitación do procedemento, o sistema de cooperación.*

*SEGUNDO.- Proceder á publicación da aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.*

*Terceiro.- Proceder á notificación individualizada a todos os propietarios afectados.*

### **De seguido prodúcense as seguintes intervencións:**

Intervén D. Emilio José Sánchez manifestando que xa se abstiveron nos noutros períodos que veu a pleno, di que eles vanse abster, e sobre todo se hai que pensar se é prioritario isto da modificación as Normas Subsidiarias da zona, aproveita este tempo para incidir nesa necesidade do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez manifestando que eles si xa pensaban que a zona C non era unha prioridade, seguen sen entender cal é a prioridade de meterse nesa zona, e se ten tan pouca prisa sen actuar no PXOM.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela dicindo que eles van a continuar co argumento da zona C, si que están de acordo cos proxectos que se levan a cabo nesa zona e coidar esa parte da cidade. Non están de acordo do sistema de cooperación, vostede alegaba que era necesario, pero quizás non sexa prioritario, amosa que o seu voto será en contra.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando a D. Emilio que aquí non se modificación as normas o que se fai agora é executar aquela modificación do ano 2000. Fala vostede de prioridade cada goberno ten as súas, mellorar a cidade e quitar eses aspectos pouco exemplares tanto na zona C coma na zona D. Todo iso son melloras da cidade, isto deberían apoialo, fíxense vostedes que non lle gustan o sistema de cooperación, pero fíxese vostede estes sistemas están nunha lei do partido popular que é a Lei do Solo de Galicia, o sistema de compensación levan case 22 anos, miren que non tiveron os veciños de facer iso, o que non pode ser é que unha administración responsable non pode deixar iso desa maneira, pensen que desenvolver esas bolsas interiores benefician ao conxunto da cidade. Fala dunha zona máis grande que é a zona B, que tamén terá que levar a cabo as súas modificacións, todo xunto non se pode facer, por fases Monforte vai mellorar. Estar en contra de desenvolver urbanísticamente a cidade parécelle un erro. Di que eles van seguir con isto porque desenvolver a cidade si que é unha prioridade.

Intervén D. Emilio José Sánchez sinalando que é certo que o goberno ten as súas prioridades e eles teñen outras, simplemente iso nada máis.



## SECRETARIA

Intervén D. Jaime Germán dicindo que iso da zona C que vai quedar moitísimo mellor non o dúbidan, pero non ven a prioridade de ter aí 6.000 metros, os que se opoñen a que haxa un desenvolvemento urbanístico completo son vostedes, o único que se pide para o desenvolvemento urbanístico, sería ter un PXOM. Di que eles non se opoñen a un desenvolvemento urbanístico.

Intervén o Sr. Alcalde dicíndolle a D. Emilio que non é bo confundir as cousas. As normas subsidiarias sen modificalas non permitirían abrir unha rúa. Agora Rof Codina vai ser unha realidade. Sinala que fala D. Germán do PXOM, non ten nada que ver unha cousa coa outra. O que fai este goberno é o que é posible facer neste momento. Di que están traballando no PXOM, cada un pode dicir o que queira. Non é necesario ter un Plan Xeral para que Monforte medre. Di que hai un engano, ou non se sabe ou se engaña á xente, nas Normas Subsidiarias de Planeamento se di claramente cal é o terreo edificable e cal non é, que vostede diga que habería que coller zonas amplias de solo urbanizable.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con dez votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal Socialista, catro votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dúas abstencións dos concelleiros do Grupo Mixto.

### **4º.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE INTEGRIDADE E COMPROMISO ÉTICO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.**

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal Socialista e tres abstencións da concelleira e do concelleiro do grupo municipal do PP e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (BNG) Grupo Mixto e que se someta a decisión plenaria.


Transcríbese a proposta de alcaldía :

*“Un dos piares fundamentais que deben guiar a actuación das Administracións Públicas para a mellor satisfacción do interese xeral ten que ser o da integridade institucional, definido de maneira sinxela como a observancia dos valores e principios da boa administración.*

*O mantemento e reforzo da integridade institucional e a súa proxección aos cidadáns, institucións e entidades coas que se relaciona deben ser, pois obxectivos irrenunciáveis de calquera Administración Pública para o cumprimento dos fins que a Constitución e a lei lle encomendan.*

*A integridade institucional é unha esixencia ética que reborda a mera suxeición ás normas e, pola contra, demanda unha actitude proactiva na busca do cumprimento daqueles principios da boa administración. Un dos aspectos fundamentais que configuran a integridade dunha institución pública é o rexeitamento público, expreso e rotundo da fraude e da corrupción e o compromiso, igualmente claro, inequívoco e público para a súa persecución.*

*Pouco a pouco, pero de xeito imparable, alentadas e con apoio na normativa da Unión Europea (por exemplo na Directiva (UE) 2017/1371, sobre a loita contra a fraude que afecta*



## **SECRETARIA**

*aos intereses financeiros da Unión) e nas recomendacións dos seus organismos (sinaladamente a Oficina Europea de Loita contra a Fraude – OLAF), as manifestacións das Administracións expresando un compromiso de “tolerancia cero” coa fraude son cada vez máis frecuentes. En todo caso, o rexeitamento público da fraude e da corrupción faise ineludible cando a Administración xestiona fondos procedentes das Comunidades Europeas.*

*Por outra banda, e no que respecta á xestión de fondos europeos, a entidade municipal inicou os trámites oportunos para dar cumprimento ao previsto no artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, onde se establece que, coa finalidade de protexer os intereses financeiros da Unión Europea, toda entidade, decisora ou executora, que participe na execución das medidas do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia (en diante PRTR), deberá dispor dun “Plan de medidas antifraude” que lle permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes utilizáronse de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses. Existe a firme vontade por parte do Concello de Monforte de Lemos, de concorrer no ano en curso ás convocatorias que o Goberno de España poña en marcha para a execución do PRTR, sendo preciso contar co mencionado plan de medidas antifraude no caso de ser beneficiario de fondos con cargo ao Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia.*

*Alén do ate aquí exposto, o Pleno municipal quere manifestar o seu compromiso coas estándares máis elevados no cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais e a súa adhesión aos máis estritos principios de integridade, obxectividade e honestidade, de xeito que a súa actividade se perciba por todos como oposta á fraude e á corrupción en calquera das súas formas. Todos os membros da Corporación municipal asumen e comparten este compromiso.*

*Por outra banda, os empregados públicos municipais teñen entre os seus deberes o de “velar polos intereses xerais, con suxeición e observancia da Constitución e do resto do ordenamento xurídico, e actuar con arranxo aos seguintes principios: obxectividade, integridade, neutralidade, responsabilidade, imparcialidade, confidencialidade, dedicación ao servizo público, transparencia, exemplaridade, austeridade, accesibilidade, eficacia, honradez, promoción do entorno cultural e mediambiental, e respecto á igualdade entre homes e mulleres.” (artigo 52 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público).*

*O obxectivo desta política é o de impulsar e favorecer unha cultura interna que desalente toda actividade fraudulenta e que facilite a súa prevención e detección promovendo o desenvolvemento de procedementos efectivos para a xestión dos supostos que poidan darse.*

*No marco desa política, o Concello de Monforte de Lemos, disporá os procedementos e canles necesarias para que, con respecto pleno á cofidencialidade e á protección de datos de carácter persoal, calquera persoa ou entidade poida denunciar aquelas irregularidades ou*



## SECRETARIA

*sospeitas de fraude que poida detectar. Dando cumprimento así á normativa europea e interna que regula esta materia.*

*Así pois, a presente declaración é un punto de partida para un compromiso en prol dun cambio de cultura administrativa na que os mencionados estándares e sobre todo, o compromiso co Dereito á boa administración, rexan a totalidade do actuar desta institución, ca adopción de todas as medidas precisas tanto na inmediata xestión de Fondos Europeos coma en xeral na xestión global de toda a actuación administrativa. Declarando, por tanto, unha política de “tolerancia cero” fronte á fraude e a corrupción e establecerá os sistemas de control axeitados para previr e detectar, dentro do posible, calquera actuación fraudulenta e corraxir o seu impacto, no caso de producirse.*

*Á vista do que antecede, PROPONSE ao Pleno que se adopte o seguinte acordo*

*Aprobar a presente declaración institucional, expresando o compromiso do Concello de Monforte de Lemos na loita contra a fraude e a corrupción.”*

### **De seguido prodúcense as seguintes intervencións:**

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que esta é unha declaración que é imperativa, obrigando a calquera administración a que ten que comprometerse no caso de obter fondos europeos a xestionalos dunha maneira ética.

Intervén D. Emilio José Sánchez manifestando que xa se debería entender, no cargo se xura ou se promete o cargo se debería cumprir e facer cumprir a lei.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez solicitando que de aquí en diante se aplique. Pregunta se vai seguir nos medios de comunicación para falar de proxectos novos. Di que eles non entenden co trato que se lles da, se sobreentende que isto xa é normal, o normal é que se vaia actuar correctamente.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela dicindo que van apoiar esta declaración, aínda que estea implícito nos cargos públicos.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que isto vai implícito pero a Unión Europea pide este acordo, por iso se fai. Por outra banda, di que entendeu perfectamente a D. Emilio, o que foi é que non o entendeu vostede a el. Dille a D. Germán que faille gracia, sinalando que a ditadura de Putín quedaríase pequena, di que se fan proxectos sen permiso, para facer unha obra hai que facelo proxecto e despois se pide o permiso, ese é a orde.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que o dixo claro antes, que no seu programa levaban abrir esa rúa, foi o que quixo dicir.





## SECRETARIA

Intervén D. :Jaime Germán Vázquez falando de neutralidade, os que non pensan como vostedes pensamos como Putin. De verdade de neutralidade, todas as decisións que non lle parecen do seu sentir, sempre ten algo máis que dicir, todos os que non pensamos coma vostede, son uns raros, si que é certo que hai moita xente que non di un montón de cousas porque saben do seu carácter, non sabe porque lle molesta, non lle parece. Vostede sabe que non trata a todo o mundo igual, soamente se fala dunha serie de cousas que vostede sabe. Ademais todo o que lle digo o trae escrito.

Intervén o Sr. Alcalde dicíndolle a D. Germán que fala doutras épocas, porque se se trata a todo o mundo por igual estase a favorecer a desigualdade, igualdade é tratar igual ao desigual.

Sometido o asunto a votación apróbbase por maioría con quince votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (BNG-Grupo Mixto) e unha abstención do concelleiro D. Jaime Germán Vázquez Pérez (Esperta Monforte!-Grupo Mixto).

### **5º.- MOCIÓN DO PARTIDO SOCIALISTA PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA Á POSTA EN FUNCIONAMENTO DE TODOS OS SERVIZOS DA AULA DE EDUCACIÓN TEMPERÁ NO HOSPITAL COMARCAL DE MONFORTE DE LEMOS**

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal Socialista e tres abstencións da concelleira e do concelleiro do grupo municipal do PP e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (BNG) Grupo Mixto e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

*“Instar á Xunta de Galicia a que poña en marcha a aula de atención temperá que se atopa no Hospital Comarcal de Monforte de Lemos e que a dote de persoal necesario e obrigatorio para dar atención ás familias con nenos e nenas con necesidades transitorias ou permanentes, nas mesmas condicións que se ven prestando no Hula”.*

### **De seguido prodúcense as seguintes intervencións:**

Intervén D. Ibán Torres dando lectura á súa moción.

Intervén D. Emilio José Sanchez dicindo que isto é unha necesidade imperiosa, o que non se pode utilizar é coma unha ferramenta política e non dar unha solución, así é como o entenden eles. Di que no pasado mandato xa se falou deste tema, e unha das cousas que se poñía riba da mesa era que o Concello cedese un espazo para elo. Ademais hai que pensar que os profesionais que se adican a isto non gusta que estea no hospital, daquela se pedía ao Concello de parte da Xunta de



## SECRETARIA

Galicia que se cedera un espazo, cando agora vése, que para vacinarse adecentaron o colexio Sagrado Corazón, ese sitio sería un emprazamento fantástico e deixa moitas opcións. En definitiva, di que van votar a favor da iniciativa porque cren que debe darse este servizo canto antes, aínda que se fale doutra fórmula que se está dando noutros Concellos. Manifesta que é un problema serio que canto antes o ataxen mellor, non deixa de ser un servizo do Sergas.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez manifestando o seu apoio a esta moción. Manifesta tamén da negativa do Concello de solicitar a subvención de atención temperá, solicitude que conta con máis de mil firmas de cidadáns Monforte, esta solicitude non é incompatible coa do Sergas. Resulta desolador o pouco que importan estes problemas para o equipo do goberno. Lembra que trátase de atención temperá, dar resposta ás necesidades transitorias ou permanentes que presenten nenos e nenas. Fala da falla de acción do goberno. O Decreto 99/2012 do 16 de marzo, non di iso, son competencias dos Servizos Sociais as intervencións destinadas á prestación, a actuación dos Servizos Sociais enmarcan moitas veces a atención especial ás familias. Fala da gran importancia dos servizos Sociais neste ámbito, di que a eles lles parece moi ben, pero podería pedir isto, pero tamén se podería pedir a subvención e se poderían ter as dúas cousas.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela manifestando o seu voto a favor desta moción. Dille a D. Emilio do espazo do Sagrado Corazón depende do Instituto e efectivamente, depende da Consellería de Educación, quen paga todos os gastos é co presuposto do Instituto, fíxose con urxencia, era un momento de excesiva necesidade, e o instituto corre cos gastos, dentro do seu presuposto, habería que desligar ese centro do Instituto Río Cabe. Di que o adecuado é falar de atención temprana. Na exposición de motivos deste decreto efectivamente se expón toda a normativa que na moción se menciona e tamén normativa europea e o importante que é atención temprana. Da lectura á conclusión do decreto e a a partir deste decreto se elabora un protocolo onde se dividen as competencias. Sinala que dende o primeiro momento se mantiveron reunións co Xerente de Area e co director do hospital que había en cada momento para o hospital de Monforte. Consideran que é imprescindible que se desenvolva esa unidade e seguirán pelexando por ela, o seu apoio é sen condicións. Di que se se le o protocolo explicará que son distintas cousas, a unidade de detección temperá municipal derivaría de Política Social, podería atender ás familias, para dar pautas como comportarse en relación ao menor, pagando Política Social o 90% do servizo, co seu remanente podería facelo. Polo que consideran que van apoiar esta moción debería de pensar este Alcalde e atender a esa solicitude de máis de 1.000 pais para que se cree a unidade de carácter social, do mesmo modo que en Educación se desenrola o persoal suficiente.

Intervén D. Ibán Torres manifestando que a Xunta de Galicia adícase a pasar a pelota, di que este agravio comparativo ao que fixo referencia D. Emilio, parécelle



## SECRETARIA

que a Xunta esta creando cidadáns de primeira e segunda categoría. Dille a D. Germán que non sabe si confundir unha subvención dunha competencia que non é propia, están trasladando unha competencia que non é do Concello, en asistencia social a este Concello ninguén lle da leccións. Dille a D<sup>a</sup> Katherinie que a Xunta cumpra o que ten que cumprir. Poden dar as voltas que queiran, esta proposta debe ser aprobada cos ollos pechados.

Intervén D. Emilio José Sánchez falando de que o tema que puxo riba da mesa foi como unha posibilidade, pero pódese poñer ao servizo da cidadanía, máis alá dos trámites que haxa que facer. Pero hai que facerse unha pregunta, se funciona o servizo correctamente no hospital de Monforte, ao Concello de Monforte vanlle conceder a axuda?, polo tanto se hai posibilidade de ter os dous servizos, máis grandes ou máis pequenos, se a aula do hospital funciona correctamente e está dotado de todos os servizos, se o Concello solicita a subvención creo que non van conceder a subvención, no caso de que fose compatible as dúas cousas, pois adiante.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez manifestando que se vote favorablemente no quere dicir que non se poda dicir que a dotación que se puxo no propio hospital era indecente, e van seguir dicindo que é vergoñento que sexa o único Concello que non dispón desa aula. Ademais vaise apoiar esta moción, este Concello fracasa en atención ás persoas con necesidades especiais. Di que eles non entenden porque lles molesta que se lembren todas estas cousas, fala dos columpios para nenos con necesidades, para máis "inri" ao mellor poderían estar os dous, vostedes falan do tempo, dos inconvintes de trasladar o lixo, as familias teñen os mesmos problemas de tempo e de gasto.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela di que son servizos distintos pero non excluíntes, as tres consellerías se comprometen a facer diferentes tipos de servizos, van apoiar a moción e seguir pelexando por esa aula de atención temprana, di que é importante presionar ao Xerente da área. En relación aos Servizos Sociais, tamén se atende ao servizo de axuda do fogar, se a Xunta outorgará o 100% da subvención crearían a aula?. Se vostedes o único que queren facer é recaudar diñeiro e gastalo en catro caprichos urbanísticos, pois non.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que se aula do hospital funciona correctamente non ten sentido a outra. Dille a D. Germán Vázquez que a vía subvencionada teña máis relevancia, polémica que xenera vostede, poden dar a voltas que queiran, o que lle interesa é que a moción salga adiante.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que escoitando a D. Germán parece que Monforte é un desastre, Monforte nunca foi mellor. Sinala que falan de duplicar os servizos, cando xustamente a Unión Europea di o contrario, que non se poden duplicar. Pense vostede D. Germán, o Concello non pode contratar profesionais, ten que facer unha oferta de emprego, e pode que saia seleccionada unha persoa de Monforte, de Vigo ou de Algeciras. Os Servizos Sociais de Monforte traballan moi



## SECRETARIA

ben, están atendendo de todo tipo, o que pasa é que a atención temperá é unha atención especializada. Pon un exemplo, servizos Sociais, o CIM, hai unha psicóloga que se pide que se financie a xornada completa, e soamente financian 14 horas á semana, a realidade é esta. Outro exemplo, Drogodependencias, un servizo claramente sanitario que ten que prestar a Xunta de Galicia, de feito financia a maioría, pero o Concello ten que pagar unha parte, cando hai vacacións, hai que buscar substitutos e o fai o Concello, cun servizo que é sanitario, xa hai un acordo coa Fegamp para recuperar os servizos a Xunta, se o atendera a Xunta dende o principio, cada un que exerza as súas competencias. Sinala de por qué a Xunta está recuperando os Centros de Saúde que pagaban os gastos os Concellos, non é o caso de Monforte, xa recuperaron unha parte deles, porque é a súa obrigaición, non poden ser os Concellos que non teñen competencias en saúde. Dille a D<sup>a</sup> Katherinie Varela porque ten o Concello que regalarlle á Xunta o 10% . Lembra cando foi o tema de que quixo recuperar o remanente aos Concellos, é un roubo, porque é a súa competencia.

Fala vostede da Xunta, a Xunta vai devolver a Europa o 51% dos fondos que recibiu do 2014-2020, como se non houbera onde metelos, miren vostedes ese dato, 1.400.000 millóns de euros, o devolve o estado español, pero hai máis, a Conselleira de Emprego foi incapaz de executar 70 millóns de euros en materia de emprego, porque eran difíciles. Vivenda 400 millóns de euros de devolución, pero non haberá proxectos de urbanismo para alixerar a presión sobre mercado que ás veces hai sitios onde escasean as vivendas, porque non se constrúen vivendas e se devolven ao Estado. Galicia devolve ao Estado o 40% dos fondos COVID que recibiu. Sabe canto devolven de media o 14% , Galicia devolve máis do dobre que a media española, se iso é boa xestión, os fondos están para executalos. Falan vostedes de política social, miren o orzamento do 2015 e o orzamento do 2022. Di que eles apoian aos pais porque teñen toda a razón, pero deben reclamar isto á Xunta de Galicia que é quen ten incompetencia e os fondos. Que non manipulen aos pais e aos profesionais, o Concello non pode contratar de xeito directo, terían que crearse as prazas e ofertalas. Miren como non ofrecen o servizo de recollida de lixo orgánico, pero iso non o queren facer, por riba agora non é que Lugo, nos mandan a San Ciprián das Viñas, cando Lugo está a media hora polo corredor. Este é un servizo que ten a obriga de poñer en marcha a Xunta de Galicia, seguirán demandando que teñan un servizo como é debido igual que teñen en Lugo. O remanente do Concello é para invertir en competencias do Concello non para competencias da Xunta de Galicia.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade dos concelleiros/as do grupo municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

**6º.- MOCIÓN DO PARTIDO SOCIALISTA PARA QUE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE MODIFIQUE A PLANIFICACIÓN ADOPTADA PARA A “REDE GALEGA DE**



**INFRAESTRUCTURAS PARA A VALORACIÓN DA MATERIA ORGÁNICA” PARA QUE SE UBIQUE NA PRANTA DE TRANFERENCIA DE MONFORTE DE LEMOS UN PUNTO DE VERQUIDO.**

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal Socialista e tres abstencións da concelleira e do concelleiro do grupo municipal do PP e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (BNG) Grupo Mixto e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

*“Instar e esixir á Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, que modifique a planificación adoptada para a Rede galega de infraestructuras para a valorización da materia orgánica, e que ubique na Planta de Transferencia de Monforte de Lemos un punto de vertido para os residuos procedentes da recollida separada da fracción orgánica”.*

**De seguido prodúcense as seguintes intervencións:**

Intervén D. Miguel Tomé dando lectura á moción presentada. Trátase de que hai que implantar a recollida separada e resulta que a Xunta de Galicia demostra que sobre bioresiduos que non fai máis que improvisar o fai para perxudicar e empeorar ao Concello de Monforte. Gustaríalle coñecer os criterios porque tendo unha planta de residuos en Monforte que o único que habería que facer é ampliar a que hai, que se teñan que trasladar a Chantada. Na presentación da estratexia xa a información mudouse a implantación en Chantada desapareceu do mapa, e agora os camións terían que desprazarse ao polígono de San Cibrao. Alguén pode dicir cal é balance desta avaliación ambiental?. O Concello faría 568 portes anuais ao polígono de Ourense, implicaría 1.400 horas de traballo máis, implicaría un custo de 51.200,00 euros máis, este custe repercutiría no recibo do lixo, se buscamos con separación mellorar o servizo e o medio ambiente, estaríase contaminando máis.

Monforte é o Concello máis perxudicado, hai Concellos como o de Sober no que aumentaría 40 euros por tonelada e recollida, o servizo en varios Concellos sería inasumible. Manifesta que non pode haber técnico que poda avalar isto, sobre todo tendo unha planta que simplemente habería que ampliar e reformar, en calquera caso a inversión sería mínima.

Intervén D. Emilio José Sánchez dando as grazas polas explicacións técnicas. Fala vostede de mellorar o servizo e o medio ambiente. Di que no pasado mandato, e incluso neste, trouxése a esta cámara para impalntar a compostaxe comunitaria que sen ser a chave maestra no sistema de recollida de lixo, ía dirixida á xestión do bioresiduos. E agora veñen a darlle a razón, porque facendo a compostaxe



## SECRETARIA

comunitaria que se podería facer non en todos os sitios de Monforte pero sobre todo na periferia, sería un aforro. Canto menos gasto teña a recollida de lixo mellor de levalo a Ourense, para ter máis comodidade pero para que sexa máis operativo o servizo moito mellor, pero tamén poderíase implantar aquilo que el solicitou.


Intervén D. Jaime Germán Vázquez dicindo que efectivamente dende Esperta Monforte están a favor de tódalas cousas que se traigan, que se puxeran máis traballadores moito mellor, pero non entenden que o lixo teña que estar dando voltas, pero sobre todo que se incremente o custo. Gustaríalle saber como se encaixa ese quinto contedor en Monforte, pero do resto apoian esta moción porque é un sensentido.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela manifestando o seu apoio á moción. Parécelle adecuado, di que faláron con Sogama, dandolle explicacións lles din que a infraestrutura de partida, se dispoña de datos máis precisos se evaluará a descarga noutras prantas de transferencia, deixan a porta aberta para que se sigan establecendo as prantas de transferencia. Todo o que veña para aquí é ben recibido e benvido.

Intervén D. Miguel Tomé da as grazas polo apoio Dille a D. Emilio que se queda sempre co pequeno, non se fala da compostaxe comunitaria, que si se vai implantar, o Concello leva repartindo un montón de tempo compostadores a todo o mundo que o solicita. Estase a falar de algo moito máis serio. Non vai ser unha recollida sinxela. O compostaxe comunitario sí se vai facer. Dille ao Sr. Germán que é un problema que ten unha solución sinxela, non ten que vir nada, temos unha pranta de transferencia funcionando soamente habería que facer unhas reformas, o que non ten sentido é que toda a comarca marche a San Ciprián das Viñas. Dille a D. Germán que vaise mellorar o servizo, vaise facer da maneira máis sinxela, se comunicará con tempo suficiente. Dille a D<sup>a</sup> Katherinie que Sogama está aberto, non ten sentido que o sur de Lugo teña que irse a Ourense.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que compostaxe comunitaria non ten nada que ver coa individual, alégrase que se vaia implantar. No tema ao respecto de como se vai implantar esa recollida de lixo, estarán expectantes de como se faga, se isto vai partir dunha concienciación da cidadanía. Reitera o voto a favor.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dicindo que o que si lle gustaría que si están traballando nelo que teñan en conta na medida das súas posibilidades, si xa hai que ter bastante co tema dos contenedores normais, imaxinen co tema dos contenedores marróns. Si que é certo que dende Esperta Monforte sempre foron polo cubeo, este tema dos contenedores marróns é xusto o contrario do que hai. Se



## SECRETARIA

vostedes xa saben dos problemas que se teñen no extrarradio dos problemas cos contenedores.

Intervén D. Miguel Tomé dicindo que é un tema moi complexo, vai facer falla moita concienciación, o que se vai ter que facer é informar á cidadanía. Chegará o día que habrá que facelo e terán toda a información, e necesario a colaboración da xente, dito iso non é certo, está é a quinta fracción e dese cubo do resto e o que hai que separar toda a parte orgánica, son cousas moi concretas, e todo redundará no bolsillo do Concello e bolsillo dos cidadáns.

Sometido o asunto a votación apróbbase por unanimidade dos concelleiros/as do grupo municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

### **7º.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA ELABORACIÓN E APROBACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO.**

O ditame é favorable á proposta, con dous votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal Popular e sete abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal Socialista e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (BNG) Grupo Mixto e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

*“Que se proceda á elaboración dunha relación de postos de traballo por medio de una empresa consultora externa para así levar a cabo a súa aprobación a maior brevidade posible”.*

### **De seguido prodúcense as seguintes intervencións:**

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela dando lectura á moción presentada. Sinala que quizáis sexa o momento de si se está elaborando e quenes son as persoas que están elaborando esa relación de postos de traballo de forma interna.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que dende o Bloque nacionalista xa se trouxeron varias iniciativas. Entenden que é unha ferramenta importante para o desenrolo das funcións dos traballadores. Di que non ve porque ten que facerse cunha empresa externa, defende o traballo con fondos propios, que se xestionen os servizos do Concello con persoal do Concello. Evidentemente, non implica que se fagan as cousas ben axustándose á realidade, invitando a todos os axentes, sindicatos, xefes de persoal.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez entenden que é un documento cunha consecuencias delicadas como que para que poida haber algúns problemas, o certo



## SECRETARIA

é que lle gustaría saber quén esta elaborando este documento, están os sindicatos representados, gustaríalle que tiveran a ben informarlle de todas as cousas.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que lle causa asombro o contido da moción. As cousas hai que afirmalas, non se poden facer as cousas en base a rumores, quizáis iso é para non mollarse. A RPT se está elaborando con persoal municipal, estando ao fronte o Secretario municipal, o que non entende é o que din que o faga o persoal do Concello, non sabe si consideran que non está capacitado para isto. Fala de que o Secretario está capacitado para realizar a mesma. O equipo de goberno agradece a elaboración ao Secretario da RPT, estase elaborando dunha forma axustada á lei. Di que os traballadores por fin van ter unha demanda histórica, que defina as funcións, as retribucións do seu traballo. Di que hai que ter un pouco de sensibilidade cos traballadores municipais. Entende que é unha falta de respecto aos traballadores. Da a sensación de que non se sabe como se aplica a normativa da RPT, é unha obrigaón dende o ano 1984, este equipo do goberno ten a valentía ou o honra de facela, di que está na fase final de elaboración en avanzadísimo estado no que se atopa, prévese que se leve ao pleno no primeiro semestre deste mes. A proposta que se faga nunha consultoría externa, o vicio que teñen vostedes de facer con auditorias externas. Vostede queixáse que se gasta moito diñeiro, e agora que se fai sen coste algún, non lle parece ben.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela dicindo que cre que é necesario aclarar ese texto. Di que a eles o que lle comentan non é que sexa o Secretario quén está facendo as entrevistas personais, di que están entrevistando persoas que fan entrevistas que non teñen a formación adecuada, vostedes din que non. Porque non lles parece ben que sexa unha consultoría externa, o Secretario non está aquí a tempo completo. Sería necesario esa contratación a unha empresa pola obxectividade. Estase facendo en moitos Concellos, porque nalgún Concello que se fixo de forma interna acabou no Xulgado, alégralle saber que se vai aprobar, e que se está elaborando polo Secretario, desexa que chega ao pleno o antes posible.

Intervén D. Emlio José Sánchez dicindo, que en definitiva que si é certo o que acaba de expoñer o voceiro do equipo de goberno. A obxectividade non o soluciona que o faga unha empresa externa. Felicita ao Sr. Secretario polo nomeamento que viu na prensa fai pouco.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que no Concello existe persoal moi cualificado e beneficioso para todos os traballadores, porque pretenden excluir a estes profesionais, van seguir na liña negociada cos representantes sindicais, unha RPT feita por e para os traballadores. A quén acusa vostede de falta de obxectividade?

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela dicindo que ela non está acusando, está dicindo que cren que o máis adecuado é algo externo, para evitar calquera actuación subxectiva, non se está facendo ningún tipo de acusación, xa que se vai facer de forma interna, que polo menos o persoal que faga as entrevistas sexa o adecuado e





## SECRETARIA

cualificado para elo. As cualificacións son para diferentes aspectos e diferentes ámbitos, que non sexan persoas que non teñen a titulación adecuada para facer entrevistas de traballo.

Intervén do Sr. Alcalde dicindo que lle da pena escoitar certas afirmacións que se fan aquí, di que non lle beneficia en nada a vostede. Parece ser que polo seu entorno hai ventos de cambio. O Secretario que vostede cita, houbo aquí xa algún funcionario a tempo completo que exercía a labor de secretario xeral que foi bastante peor que outros a tempo parcial, e non vai contar os detalles porque senón “dios mío”. Vostede cre que unha consultora coñece mellor as necesidades do Concello, como traballa a xente que traballa no Concello, que o fagan mellor que a xente do Concello. Aquí quén elabora os documentos ten unha idea de como funciona o Concello. Non o vai saber mellor ningunha consultora. Aquí xa se fixeron tres intentos e ningún se atreveu a levalos a pleno, quizáis por algunhas cousas que dicía D. Germán. A responsable naquel momento de persoal do Concello solicitou apoios. Aquí están as RPT hai unha consultora, e non se aprobou, como di D. Emilio estase acabando de facer queda moi pouco tempo, e xa verá vostede como non fai falla recurrir a ningunha consultora, e vai recoller as necesidades do Concello e tamén as aspiracións do persoal. Fiese vostede de quén queira, dalle a impresión de que non está vostede ben informada. Sinala que el non vai andar bailando ao son dalgúns que tocan campanas, antes do verán a RPT do Concello de Monforte virá a pleno. Vostede tranquila non ten sentido votar isto porque non sentido, xa me dirá facer unha RPT cando xa está feita. No pasado mandato dixo que se traería no seguinte mandato se dan as circunstancias políticas será aprobada, e pode créelo vai ser aprobada.

Sometido o asunto a votación rexéitase por maioría con doce votos en contra dos concelleiros/as do grupo municipal Socialista e dos concelleiros/as do Grupo Mixto e catro votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular.

### **8º.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA REDUCIR O NÚMERO DE REPAROS DE INTERVENCIÓN.**

O ditame é favorable á proposta, con dous votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal Popular e sete abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal Socialista e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (BNG) Grupo Mixto e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

*“Que se proceda a sacar a licitación de maneira inmediata os contratos vencidos que dan lugar a reparos de intervención, así como que se licite aqueles servizos que pola súa natureza dan lugar a un pago mensual e recorrente, de modo que se cumpran cos principios que establecen as leis e se diminúa o gasto do concello”.*

**De seguido prodúcense as seguintes intervencións:**



## SECRETARIA

Interven D<sup>a</sup> Katherinie Varela Varela dando lectura á moción presentada. Da lectura ao informe do control interno que se lles enviou para este pleno, se fala da materia de contratación, que se fai unha autorización abusiva dos contratos menores.

Intervén D. Emilio José Sánchez manifestando que neste punto se se ciñe á iniciativa o que se vai votar, que é parte dispositiva, é certo todo o que fala na iniciativa, pero cando se vai votar, di que el non vai votar a favor. Como dixo antes na anterior iniciativa, é un defensor a ultranza de que os servizos sexan de xestións directas. Gustaríalle saber cales servizos son, cando se vaia votar, licitar eses servizos é un pouco extensa por non dicir ambigua esa votación. Servizos concretos que se podan licitar, eles valoraran se procede ou non, agora xenérico, sendo un defensor da xestión directa non pode votar a favor.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que a eles non lles vale que pase na Xunta e na Deputación. Di que el trae exemplos como pode no tema da luz, a Pinguela, a Piscina, gustaríalle que efectivamente se aclararan algunhas cousas, dende intervención non paran de facer mención a todo este tema.

Intervén D. Ibán Torres di que a moción chega tarde. O importe dos 3 millóns de euros se refiren ás prestacións, en relación co SAF é un servizo moi sensible que require de moita pausa e moi sensible para licitalo. En relación co subministro de enerxía se necesita moito tempo, nun mercado tan volátil e cambiante como o da enerxía, o servizo de electricidade nunha foi licitado, o Concello non é unha casa particular. Comenta que xa se atopa preparado o prego do servizo de axuda no fogar, o que lle chama á atención é que vostede obvia, dicir que non chegou ningunha queixa dos prestadores do servizo. Polo tanto unha rigurosa planificación, é a que este alcalde e o equipo de goberno teñen na mellora dos monfortinos e monfortinas.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela manifestando que non todos os servizos que se pagan os poden facer os funcionarios do Concello, quitar a concurso do servizo de axuda no fogar, empresas que o van facer de forma mais eficiente o servizo. Entende o que di o sr. Ibán que quitar a concurso certos servizos da lugar a estudos e moito traballo, pero tiveron vostedes tempo de sobra, cren que teñen que activarse nese sentido. O máis adecuado é o que explica o artigo 1, esa declaración de intencións teñen que levarse a cabo e respectarse, conclúe dicindo o que di o informe de intervención. Eles seguen dicindo que non chegan tarde, no momento que non ven ningún contrato e ven que non se quitan, a primeira noticia que teñen é o que di vostede agora, chegan tarde vostedes quitando estes concursos, manteñen a moción e di que deberán xestionar dunha maneira máis rigurosa, non se pode gastar por gastar.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que o tema do contrato da luz, da auga, ou do gasoil, ata chega, iso non se pode con xestión do Concello, di que se entendeu



## SECRETARIA

perfectamente o que quixo dicir, eses servizos evidentemente non os van facer os Concellos, o resto dos servizos, procede que se fagan de servizo directo, a limpeza, a asistencia ao fogar é máis complexo, o coidado do pavillón, que hai que poñer en funcionamento por iso eles non dixeron que votarían en contra.

Intervén D. Jaime Germán di que levan seis anos, aumentaron en disminuir os reparos de intervención o mantemento da web, ximnasia de mantemento, a limpeza da pinguela, hai moitas cousas que ao mellor teñen outros problemas, pero entenden que hai outras moitas cousas nas que poderían estar traballando ademais teñen os informes de intervención que din que non se están facendo ben as cousas, o que parece é que non hai moitas gañas de cámbialo ou que están a outra cousa. Di que eles miran estas cousas, di que é penoso o que está pasando coa caldeira da piscina, hai algunhas cousas que son tan flagrantes, que hai uns gastos que non teñen moito sentido.

Intervén D. Ibán Torres manifestando que o que ten claro é que a moción a presenta o PP e non ten nada que ver, vostede D. Germán non sabe o que é un reparo de intervención. Dille a D<sup>a</sup> Katherinie a axuda no fogar ten un prego preparado e seguirá a súa tramitación, cun procedemento, e iso é todo e pódese fiar del. Con respecto á luz, con 40 anos non coñece a ninguén que se quitara a concurso a luz, manifesta que o seu voto será en contra.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela dicindo que non chegan tarde, non tiñan coñecemento do prego do servizo de axuda no fogar, estes informes tan recentes, de elaborar un plan de contratación, cren que a moción é axustada, que se liciten os servizos, todo os que se pagan eses 3 millóns de euros, a maior parte posible para que ese gasto sexa máis eficaz.

Intervén o Sr. Alcade dicindo que ter cabeciña no gasto é darlle os gastos á Xunta, gastar cando ten que gastar outro. Di que eles actúan dentro das posibilidades que da a lei. O que acaba de dicir dígallo a todos os alcaldes da comarca, deberían todos facer eses contratos? que el saiba ningún. Di que vostede debería explicarlle aos empresarios de Monforte que o material de ferretería, papeleiras, imprentas, que se quite un concurso e se traballe cunha empresa de Algeciras, por exemplo, senon se sabe cantos tornillos se van gastar ao ano, sinte moito pero comprará nos comercios de Monforte.

Di que todo o que poida legalmente crear en Monforte como beneficio industrial, quedará dentro da legalidade. Aquelo que obrigatoriamente teña que saír en aberto, saíra en aberto. Os gastos menores que non teñen obrigación en saír en aberto, iso que minimamente pode quedar aquí no Concello, vai quedar nos pequenos empresarios. Non todos os autónomos son iguais, por iso decía na política de igualdade é tratar desigual ao que é desigual. Cre que se vostede toma informes os que sexan, do Tribunal de Contas, e os informes poñen cuestións, falan dun texto xeral, pero el non viu que diga un informe que se está comentando unha



## SECRETARIA

prevaricación, se está dentro da normativa, dentro do interpretable, van seguir facendo así.

Sometido o asunto a votación rexéitase por maioría con dez votos en contra dos concelleiros/as do grupo municipal Socialista, cinco votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Jaime Germán Vázquez Esperta Monforte-Grupo Mixto e unha abstención de D. Emilio José Sánchez BNG-Grupo Mixto.

### **9º.- MOCION DO BNG SOBRE O BUS URBANO.**

O ditame é favorable á proposta, cun voto a favor do concelleiro D. Emilio José Sánchez Iglesias BNG-Grupo Mixto e oito abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal Socialista e do os concelleiros/as do grupo municipal Popular, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

*“Que o goberno municipal modifique os horarios e rutas do bus urbano, co galo de favorecer a máis usuarios”.*

### **De seguido prodúcense as seguintes intervencións:**

Intervén D. Emilio José Sánchez dando lectura á moción presentada. En definitiva, pois que se muden ou revisen os horarios do bus co fin de abarcar máis territorio da cidade, é un servizo que lle vai custar aos monfortinos 1 millón de euros, o servizo de bus ten que servir para comunicar o exterior, a parte máis lonxe do centro co centro. Fala do polígono industrial, podería facerse unha sondaxe dos traballadores se houberse unha demanda alta. O que se presenta aquí é que se modifiquen os horarios, que podan rotar, en definitiva dar servizo á mais veciños, cren que esas cifras poden ser melloradas e aumentar a optimización dos recursos.

Inervén D. Jaime Germán Vázquez di que son varios os veciños de porque se pasa por un sito e non se pasa por outro. Se hai a posibilidade de modificar as rutas, non ven mal a posibilidade de chegar a máis lugares, se existe a posibilidade que se estudie.

Inervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela manifesta que se se fai un servizo de transporte gratuito non é moi xusto que o servizo pase por unhas zonas e non por outras, claro está, que non lle parece que este servizo sexa gratuito, se dote de gratuidade deste servizos á xente mais vulnerable, pero hai outras persoas por pagar 1 euro non lle supón tanto esforzo, senón fora gratuito podería negociarse coa empresa outras rutas. Ao ser gratuito sería poñer outro autobús, entenden que a esencia da moción é positiva, o problema ben de gratuidade absoluta, nun principio van absterse.

Intervén D. Ibán Torres manifestando que sobre o bus urbano, dicindo que non se ten obrigación de ter bus urbano, pero o alcalde en beneficio da cidadanía puxo o



## SECRETARIA

bus gratuito. Xa se aumentaron as rutas, entende que beneficia a todos os veciños e veciñas, hai unha cuestión de sentido común, que se pode comprender facilmente de momento non é viable aumentar o número de buses. Resultalle un pouco estrano que todas as queixas lle cheguen a vostede. Con respecto á proposta non se dan as condicións para modificar as rutas e os horarios e modificar o custo, polo que van votar en contra.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que non está falando da gratuidade do bus, cando un que vote o que crea convinte, pero non ofendan a intelixencia dunha persoa, dicindo cousas que se están falando, é certo que non teñen a obrigaón de ter autobús, falar de rutas a Piñeira, dalle igual ir a Piñeira, pola rúa Ourense que pola rúa Sober, porfavor que non o queiran facer é outra cousa. Díganlle á xente que non pode pasar o autobús, cando se falan de queixas, el sabe o que fala coa xente. No quere valorar o traballo de cada quén, non fai falla outra liña, non fai falla modificar o funcionamento xeral, simplemente é que fai o autobús tres rutas, algunha desas rutas podería acercarse ás vivendas Val de Lemos, as vivendas de Benito Vicetto, é algo factible, o que hai que facer é querer, denme motivos serios polo menos.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dicindo que non vai explicar porque non lle chegan as queixas. Son varios os veciños que lle fixeron chegar queixas, está pedindo que o goberno municipal modifique os horarios e rutas de bus co obxectivo de favorecer a máis cidadáns.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela dicindo que a eles lles parece que se o Concello non ten obrigaón, é porque é custoso, pero xa para empezar a dar máis opcións de traxectos podería ser o incremento do custo, sería que se pagase en función da situación económica de cada persoa. Entende que é unha familia o a unha persoa maior pensionista sexa gratuito, entenden que o espírito da moción está ben, e que sería importante que todos poidan disfrutar del, pero como o ben inviable vanse abster.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que se se amplía o servizo o que vai facer sería cobrar, para que é isto, que é o que pretende. Vostede pide aquí que o goberno municipal modifique os horarios e rutas para favorecer a máis cidadáns, vostede faga propostas concretas, diga vostede que liñas, esta proposición etérea, segundo vostede non fai falla modificar nada, en calquera caso, tampouco cre que sexa marear a perdiz? de momento non é viable aumentar o número de buses. As paradas de bus teñen as súas horas, e se se amplían non chegarían ás mesmas horas.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que si trae esta iniciativa a esta cámara é polo que se lle contestou a un rogo neste pleno, fala da estrada de Ourense, que se modifiquen as rutas e os horarios, a ruta número 1 de Ribasaltas, na seguinte ruta



## SECRETARIA

que se faga outro traxecto, cre que se entende e o que se quere dicir, vostedes non queren modificalos.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que andan todos con silabarios, si se cambian rutas e horarios, as horas de servizo son as horas de servizo, se se cambian as rutas e horarios, hai menos frecuencia, se van a sitios diferentes, evidentemente. Se o autobus vai a Piñeira deixa moitos nenos no instituo da Pinguela, non é o mesmo que vaia por un lado , porque senón non recolle aos nenos. Vostede di que gasta 1 millón de euros en 10 anos, non chega a 800.000 euros. Hai que ser rigurosos nos datos. En ningunha cidade, nin é New York , os autobuses pasa por todas as zonas. Fala do exemplo do hospital, os de Rozabales están lonxe que o van buscar para ir o médico, e non falemos dos de Chantada, as cousas son como son. Vostede fala de cobrar dona Katherinie, habería que pedir a declaración da renda, no autobús urbano as estadísticas falan por si solas, é a primeira vez que superan as 50.000 persoas aínda que foi un ano de pandemia, polo tanto está claro que ó éxito foi absoluto, a pesar de que non se ten que ter este servizo, isto forma parte da política social do goberno que preside. Sabe quen non van no autobús os que cobran 3000 euros, van no seu coche. A realidade é que este goberno ten unha sensibilidade social, qué din quenes necesitan o transporte colectivos, maiores e nenos. Todos eses veciños que non viven nas rutas estas, poden utilizar o autobús para ir e vir a calquera parte da cidade.

Sometido o asunto a votación rexéitase por maioría con dez votos en contra dos concelleiros/as do grupo municipal Socialista, dous votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Mixto e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular.

### **10º.- MOCION DE ESPERTA MONFORTE! SOLICITUDE CREACION DUNHA PRAZA DE SUBALTERNO NO COLEXIO INFANTA ELENA.**

Esta proposta non se dictamina ao non estar presente o presentante da mesma.

Transcríbese o acordo que figura na moción:


*“Crear unha praza de subalterno no Colexio Infanta Elena”*

### **De seguido prodúcense as seguintes intervencións:**

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Emilio José Sánchez amosando o seu voto favorable.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela dicindo que xa se debateu este tema noutra ocasión ,sempre é a mesma disputa de quen é competencia da Xunta ou do Concello. Si que é verdade que a parte do convenio asinado coa Fegamp que estipula que os Concellos se fan cargo da limpeza, vixiancia, mantemento e demáis. Volveuse ao de antes en asuntos tan importantes, teñen que haber unha colaboración fundamental entre todas as administracións, cando trouxeron esta moción se lles dixo que non



## SECRETARIA

era unha obrigación do Concello establecer persoal nos centros, que se tiñan persoal que facían labores de conserxes, xa que vostedes teñen dúas persoas que fan labores de mantemento, porque non poñer outro, no colexio Infanta Elena, fala dunha sentenza na que di cando os edificios non son de titularidade do Concello. Qué sentenza en concreto é, para vela, para maior facilidade. Aмосa o seu voto a favor da moción.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que vostede D. Germán como representante do Concello no Colexio Infanta Elena, terá que facer verse un pouco, de todas formas trátase dun tema que xa foi tratado, non sabe porque o trae. Dicir á xente en cousas tan sencillas como estas que é competencia do Concello. O Concello non ten competencia en Educación, esa competencia é única e exclusivamente da Xunta de Galicia, pais e profesores deben reclamar esta figura de conserxe á Xunta de Galicia, Consellería de Educación, inténtase colar unha obrigación ao Concello que non lle compete, non van apoiar a moción por todo o que di. Se vostede quere modificar a súa moción que diga instar á Xunta solicitando un conserxe para o colexio Infanta Elena. Da lectura da sentenza 1377/21 de 25 /11/2021. Non sigan alegando sobre esta materia a cooperación e o entendemento. Estase enganando á xente dicindo que é competencia do Concello.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dicindo que isto non é un tema xa tratado porque a ultima vez que o trouxo o PP, era dunha praza que non estaba creada, eles queren que se cree unha praza de subalerno no Colexio Infanta Elena. Vostedes se están facendo a RPT limpadora-conserxe nivel 14, é o que pon no presuposto. Di que o Concello ten nos seus presupostos como limpadora conserxe subalerno, non hai persoal de mantemento, pode dirixirse a todos os monfortinos, hai tres centros de educación, en dous hai limpadora e conserxe e no outro non hai nada. Dende Esperta Monforte! traen unha moción para crear unha praza de subalerno como teñen no resto dos colexios. Isto non é unha moción xa tratada, o Concello pode crear a praza como creou as outras dúas, e o alcalde mentiu porque non están como persoal de mantemento.

Intervén D<sup>a</sup>Katherinie Varela manifestando que nos outros dous centros educativos teñen empregados que eles no seu día cando trauxeron a moción de que eran conserxes, o alcalde dixo que non, que eran empregados que facían labores de mantemento. Entende que o Colexio Infanta Elena se ve que nos outros centros teñen un empregado, é normal que o pidan. Por iso van apoiar a moción de Esperta Monforte!. Di que en canto á sentenza teñen que lela con posterioridade.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que son especialistas en levar a palma. Dille a D. Germán que continúe así, prepáreo mellor para que non se note tanto que veñen ao compás do PP.

Intervén D. Jaime Germán dicindo que non é un tema xa tratado, di que non están ocultando a verdade, o Sr. Alcalde mentiu, porque ademáis está grabado, non é



## SECRETARIA

persoal de mantemento, nos presupostos pon limpiadora e conserxe e subalerno, non é populismo repugnante, é certo que dixeron que todos os anos o falaron aquí, di que el está pedindo a todos vostedes crear unha praza de subalerno para o colexio Infanta Elena. Isto é soamente poñer aos tres centros públicos na mesma liña.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que eses postos de traballo non son prazas dos colexios, son persoal municipal, que se adscriben a un centro ou a outro, de feito cando hai actos do Concello, veñen a axudar co Concello. A única verdade que dixo foi que hai un erro, iso é un epígrafe onde entran todas as categorías (conserxe, subalerno, limpiador) aclárese vostede ese erro vai ser por pouco tempo, na RPT xa vai clarificado que son persoal de mantemento. Manifesta que son de mantemento porque a obriga dos Concellos é o mantemento das instalacións, e en ningún caso forman parte de persoal administrativo dos colexios, non confunda vostede que non é verdade, e logo fala vostede de ensinanza primaria, logo non están os centros de educación especial, no convenio coa FEGAMP non existe ningunha figura de conserxe, nin impón esa obriga soamente fala de mantemento.

Sometido o asunto a votación rexéitase por maioría con dez votos en contra dos concelleiros/as do grupo municipal Socialista e seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Mixto e dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular.

## PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

### **11º.-INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA (de 24.01.22, 28.01.22 e 09.02.22).**

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

### **12º.- DACIÓN DE CONTA PERIODO MEDIO DE PAGO E MORISIDADE 4º TRIMESTRE 2021.**

Dáse conta do informe de Intervención sobre o periodo medio de pago (PMP) do 3º trimestre de 2021, segundo ven definido polo Real Decreto 635/2014. O PMP Global resultante do Concello de Monforte de Lemos (en días) é de 21,58 € e a efectos de cumprir co disposto no artigo cuarto da Lei 15/2010, preséntanse no Pleno os seguintes informes, tanto do Concello como do Instituto Municipal de Drogodependencias, correspondentes ao 4º trimestre de 2021:

- De cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais.
- De morosidade.





**13º.- DACIÓN DE CONTA DA EXECUCIÓN ORZAMENTO DO 4º TRIMESTRE 2021.**

O Pleno queda informado da documentación remitida polo Concello ao Ministerio de Facenda, a través da Oficina Virtual para a Coordinación financeira para as Entidades Locais, a efectos de cumprimentar os datos correspondentes a este Concello do 4º trimestre de 2021, dos previstos sobre execucións trimestrais das Entidades Locais.

**14º.- DACIÓN DE CONTA INFORME CONTROL INTERNO 2021.**

A efectos de cumprir co disposto polos artigos 37 e 38 do Real Decreto 424/2027 de 28 de abril, dáse conta do informe-resumo do control interno durante o ano 2021.

**15º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

**Pregunta de Esperta Monforte! RE 2408 Tivo o alcalde algún tipo de contacto cos responsables da firma portuguesa ALTRI para a súa implantación na nosa cidade.**

Resposta o Sr. Alcalde manifestando que fala con moitas empresas que está dando resultado e algunha delas presentará un proxecto importante en Monforte.

**Preguntas Partido Popular RE 2730.**

**-Tendo coñecemento da interposición de denuncias nas cales se fai referencia a que as obras de urbanización da zona C se contrataron e executaron sen o plan de urbanización aprobado de forma definitiva, comprobamos que efectivamente a aprobación inicial do plan publicouse no BOP inda este 10 de febreiro e polo tanto está en período de alegacións. ¿Qué aclaración nos pode dar respecto a esto?**

**-Nos reparos de intervención do ano 2021 as facturas máis cuantiosas son as pagadas relativas á xestión da piscina municipal e o servizo de axuda o fogar. ¿Qué explicación nos pode dar para que despois de tanto tempo estes servizos aínda non salisen a licitación?**

Resposta o Sr. Alcalde manifestando que en relación coa primeira pregunta da zona C, vostede está mesturando dous conceptos distintos, tamén fala de denuncias, son recursos ou alegación, e dentro duns días, se dará a coñecer un deles un recurso que é digno de estudo, e bo saber que din os xuíces dalgún tipo de cousas. Vostede queren controlar a xustiza. Non veña dando leccións en temas de xustiza, bastante lles queda aínda. Dicar que mezcla dous conceptos, por un lado a aprobación da zona C reparcelación da zona XGL 16.06.2021 e por outra banda, a urbanización, as obras recollidas no proxecto está axustadas na lei do solo de Galicia e contan con título habilitante suficiente para a súa execución.

En canto á segunda pregunta, evidentemente hai unha parte xa se dixo que son cousas complexas que levan o seu tempo e que hai que analizar, con múltiples informes para poder contrastar, a axuda a domicilio hai moitas casuísticas, e que hai que valorar moito antes de saír a concurso. No tema da piscina estase analizando múltiples posibilidades, cando estean convencidos de cal é a mellor llo dirán a vostedes.



**SECRETARIA**

**Pregunta do BNG RE 2762 Que ten pensado facer o equipo de goberno co guindastre torre que, desde hai dous anos, está ocupando un carril da rúa Ferrol. Así mesmo, como pensan resolver a urbanización do espazo que ocupaba a casa demolida na rúa Veiguiña.**

**Rogo do BNG RE 2764. A estrada LU-617 comunica Monforte con Belesar. Ao seu paso polo Concello de Monforte de Lemos, na parroquia de San Xiao de Tor, presenta un estado deficiente e perigoso. Se fagan as xestións necesarias ante a administración que proceda, para que se arranxe este vial á maior brevidade posible.**

Resposta o Sr. Alcalde comenzando polo rogo dar traslado á consellería de infraestruturas para que proceda ao arranxo desta rúa.

En relación coa pregunta, hai documentos antigos de fai dez anos polo menos, concedéuselle unha prórroga, e cre que está caducada, di que iniciaran as acción oportunas para lograr que iso saia de aí, además ese trozo onde está a grúa ten obrigación de urbanizar o constructor. Iniciarase o procedemento, o tempo que legalmente leve.

En relación na rúa Veiguiña había un tapón enorme, se vai licitar agora para arranxar o trozo dende Facenda ata a plazoleta dende a rúa Ferrol ata a plazoleta da rúa Veiguiña.

Remata a sesión sendo ás once horas e dezanove minutos do mesmo día. De todo o que antecede, eu Secretario, dou fe.

Vº e Pce

O ALCALDE